

Linguaxe, linguas, o insólito

Erín Moure coloca a linguaxe no centro para abocarse ao coñecemento

Teatriños ou aturuxos calados (ed. bilingüe)

· Erín Moure, María Reimóndez (trad) ·
Galaxia, 2007 ·
156 páx · 18 euros



Non se coñecían libros coma este na Galiza, con tantas fronteiras abertas ao inestábel, o fronteiro e o esvaradío que dificultan a súa clasificación no estante clausurado, na xeración do momento. A obra que agora presenta Galaxia é a versión bilingüe dun texto orixinal, *Little Theatres (Teatriños)* (2005), en que o galego xa tiña unha presenza decisiva –mediante as versións galegas dalgúns textos, poemas só nesta lingua ou a irrupción abrupta de palabras galegas en composicións escritas en inglés–. E talvez a traxectoria biográfica da autora, canadense de ascendencia galega, non sexa a única nin a mellor explicación para esta ruta agreste.

A vocación plurilingüe do libro nace de colocar a linguaxe no centro da escrita, como forma de abocarse ao coñecemento. Neste proceso, o éxito, o camiño, é o achado do galego, como unha revelación que fascina por si propia. Concorren no trazo as implicacións antropolóxicas, históricas e sociais emanadas dunha lingua que substitúe metonimicamente á súa comunidade de falantes e o espazo que esta habita. Unha comunidade de resistentes que se nos quere representar na patrimonialidade léxica e no contacto atónito coa materialidade non estática do natural (de natureza).



A poeta canadense Erín Moure // J. W. Macdonald

O enfrontamento coa linguaxe quere provocar estrañamento, desconcerto, xogo e contradición –tamén a contradición co convencional, co ermo–. Hai unha renuncia absoluta á narración, entendida como produción lineal de discurso, e a significación nace do inespera-

do, froito de asociacións fonemáticas, de brincadeiras no nivel do metafórico e do simbólico que actúan a un tempo como destrutoras e produtoras de sentido e que, nesta edición, conceden alta relevancia ao labor da tradutora-adaptadora, María Reimóndez.

Simultaneamente, hai a vontade de reconstruír escenarios, pasaxes, dimensións espazo-temporais en que o posicionamento ético, apondoado polo contradiscurso rebelde, se confirma de vez do lado da esquerda. E a obra ten necesidade de explicarse no cambio de voz de Elisa Sampedrín, que aclara, comenta, anota: “Tiñamos que falar todas as linguas, mesmo as inventadas. Era difícil ao principio ver como tomaban o poder estas linguas, mesmo daba algo de medo. Máis adiante entramos nelas como na auga”.

A renuncia á dimensión comunicativa categórica, a actualización do agramatical e a ignorancia da sintaxe que desembocan nunha significación desprazada e expandida, tamén o desleixo ao que é sometida a función autorial, permiten vincular a escrita de Erín Moure coas prácticas da *language poetry*, etiqueta pouco explorada pola crítica literaria na Galiza. E aínda que a poeta escriba desde un ‘case-fóra’ ao que non quere renunciar, é viábel o establecemento de conexións –recoñecidas ou non, verificábeis ou non– con poéticas galegas da contemporaneidade como as de Chus Pato, María do Cebreiro, Pilar Beiro, Cesáreo Carballido, Claudio Pato ou Alfonso Pexegueiro –lembran *O pavillón das hortensias azuis?*–.

As linguas e a aprendizaxe como regreso a unha orixe hospitalaria. A tensión na idea do *latín* como lingua do imperio ou como lingua da Historia, da memoria dos espazos, da esencia que asusta transcribir: “Sempre non é unha palabra para usar lightly / Non no latín que coñezo / Para iso necesítase unha lingua que soa a auga // *Agasallo cortesía pataca amor*”. // Isaac Lourido